



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE
Dirección Xeral de
Desenvolvemento Sostible

METEOGALICIA

Informe climatolóxico
Mes de decembro 2008

INFORME CLIMATOLÓXICO

MES DE DECEMBRO 2008



1.- Resumo

Mes seco e frío, con episodios de nevadas en cotas baixas

O mes de Decembro tivo dúas partes diferenciadas. Na primeira quincena o tempo foi moi inestable, con sucesivas entradas de fronteas cálidas e frías, que deixaron ceos con moita nubosidade e chuvias xeneralizadas. A partir do 18 as altas presións deixaron tempo estable e a chuvia soamente volveu nos derradeiros 4 días do mes. As fronteas da primeira quincena chegaron predominantemente dende o norte, acompañadas de aire frío, polo que as temperaturas resultaron en xeral baixas, comparadas coa media dos anteriores Decembros.

O mes comezou con altas presións sobre os Azores, pero baixas na latitude de Irlanda, con fronteas asociadas, que foron deixando chuvias. Destacan pola súa actividade as fronteas do 3, 6 e 7, cando as chuvias foron xeneralizadas e intensas en toda Galicia. A partir do día 10 as altas presións movéronse cara o norte, e se formaron baixas presións obre Centroeuropa, configurando un corredor para a chegada dende o norte de aire polar marítimo. A chegada desta masa de aire deixou 4 xornadas de frío e neve en cotas por riba dos 500 metros, con nevaradas intensas en moitos puntos de Galicia. As xornadas de máis neve foron ás do 13 e 14. A partir do día 16 as altas presións situáronse ó norte da Península Ibérica, deixando 10 xornadas de tempo seco e moi estable. Esta estabilidade atmosférica fixo que as temperaturas descendesen moi rápidamente durante as madrugadas, dándose o fenómeno da inversión térmica, é dicir, dado que o aire frío pesa máis, as temperaturas máis baixas déronse no interior, nas zonas de vales, destacando as xeadas que se formaron nas xornadas do 24, 25 e 26 con temperaturas mínimas de ata 6 graos baixo cero en puntos do Deza, interior de Lugo e Ourense. Finalmente, a partir do 27 as altas presións deron lugar á formación dunha baixa, que se situou sobre o Atlántico, entre os Azores e Fisterra, enviando masas de aire máis tempadas, pero con máis humidade e algunhas chuvias.

Temperatura: En media os termómetros situáronse en toda Galicia por debaixo da media, debido á frecuente entrada de aire frío nos primeiros 15 días e á chegada do anticiclón invernal entre o 17 e o 27, que deixou xeadas moi intensas, e termómetros en xeral por debaixo dos 10°C durante o día.

Chuvia: As chuvias foron normais soamente no norte de Lugo e A Coruña, por mor da chegada de fronteas dende o norte. No resto de Galicia o mes pódese considerar seco, debido a que o aire frío non ten capacidade para conter moita humidade, e polo tanto as chuvias con aire frío non son tan intensas. Ademais a segunda quincena do mes estivo dominada polo anticiclón e foi polo tanto moi seca.



2.- Táboas de datos

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da CMA (CIS Ferrol, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense-Ciencias) cos valores climáticos para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa/ Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións do INM, e Lourizán, da CMADS), no período 1973-2003.

O valor climático corresponde co promedio destes 31 anos, para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou:

As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou l/m²).

O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual o maior a 1 mm

CIS FERROL

	DECEMBRO 2008	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
T ^a media	10.2	11.5	13.7 (1989)	9.0 (1975)
T ^a mínima media	7.1	8.9	11.3 (1989)	6.0 (1975)
T ^a mínima absoluta	2.3 (día 25)	0.6 (25/12/2001)		
T ^a máxima media	13.7	14.1	16.1 (1989)	12.0 (1975)
T ^a máxima absoluta	17.9 (día 30)	25.6 (02/12/1985)		
Precipitación acumulada	165	115-133	400 (1978)	21 (1988)
Días de chuvia (≥1mm)	15	15	25 (1981)	5 (2001;88)

Comentario:

Mes frío en canto ás máximas e mesmo moi frío no que respecta ás temperaturas medias e especialmente ás mínimas, preto de 2 °C por debaixo do seu valor agardado.

O número de días de chuvia é normal pero a precipitación rexistrada supera o rango normal, polo que o mes pode considerarse “moi húmido”



SANTIAGO

	DECEMBRO 2008	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	8.3	9.8	12.2 (1989)	7.8 (1990;01)
Tª mínima media	5.3	6.3	9.6 (1989)	3.3 (2001)
Tª mínima absoluta	-0.5 (día 2)	-3.0 (25/12/2001)		
Tª máxima media	12.1	13.2	14.8 (1989)	11.8 (1982)
Tª máxima absoluta	17.8 (día 22)	24.0 (20/12/1985)		
Precipitación acumulada	128	185-283	782 (2000)	15 (1988)
Días de chuvia (≥1mm)	15	16	28 (2000)	5 (1988)

Comentario:

*Mes moi frío en xeral, destacando especialmente as temperaturas medias, preto de 2°C por debaixo do agardado**.*

A precipitación e o número de días de chuvia son inferiores ao valor normal; o mes pode considerarse “moi seco”

* valores climáticos calculados excepcionalmente nesta serie dende 1982.

** hai que ter en conta que os valores climáticos cos que se comparan os datos desta estación foron obtidos cun período máis cálido (1982-2003) que o do resto dos casos (1973-2003)

LUGO

	DECEMBRO 2008	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	5.3	6.9	10.1 (1989)	1.9 (2001)
Tª mínima media	1.7	3.6	7.4 (1989)	-2.8 (2001)
Tª mínima absoluta	-5.7 (día 25)	-8.0 (23/12/1975)		
Tª máxima media	10.2	10.2	13.0 (1977)	7.1 (1980)
Tª máxima absoluta	15.3 (día 30)	22 (02/12/1985)		
Precipitación acumulada	108	112-132	510 (1978)	15 (2001)
Días de chuvia (≥1mm)	13	15	27 (2000)	2 (2001)

Comentario:

Mes moi frío en canto ás temperaturas mínimas e medias, máis de 2 °C por debaixo do agardado. As máximas en cambio quedan na normalidade.

A precipitación e o número de días de chuvia se pode considerar case normal, quedando o mes lixeiramente ‘seco’.



PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	DECEMBRO 2008	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	8.9	10.1	13.5 (1989)	7.9 (1975;2001)
Tª mínima media	5.4	5.9	10.4 (1989)	2.6 (2001)
Tª mínima absoluta	-0.5 (día 2)	-5.7 (25/12/1994)		
Tª máxima media	14.1	14.3	16.6 (1989)	12.4 (1973)
Tª máxima absoluta	19.4 (día 30)	25.5 (02/12/1985)		
Precipitación acumulada	166	194-269	881 (1978)	24 (1988)
Días de chuvia (≥1mm)	14	15	28 (2000)	4 (1988)

Comentario:

*Mes frío no que respecta ás temperaturas máximas e mínimas, respecto ás medias nas que o mes pode considerarse moi frío, máis de 1°C por debaixo do agardado.
 A chuvia recollida e o número de días de chuvia son inferiores aos valores climáticos, polo que o mes pode considerarse “seco”*

OURENSE

	DECEMBRO 2008	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	7.1	8.5	11.9 (1989)	4.8 (2001)
Tª mínima media	3.8	4.3	8.7 (1981)	-1.8 (2001)
Tª mínima absoluta	-2.6 (día 25)	-8.6 (25/12/2001)		
Tª máxima media	11.6	12.7	15.3 (1989)	9.1 (1980)
Tª máxima absoluta	16.7 (día 4)	22.4 (02/12/1985)		
Precipitación acumulada	99	85-111	405 (1978)	5 (1988)
Días de chuvia (≥1mm)	9	12	23 (2000)	2 (2001; 88)

Comentario:

*Mes frío no que respecta ás temperaturas máximas, mínimas e ás medias, que quedan case 1.5 °C por debaixo do agardado.
 O número de días de chuvia é algo inferior ao normal pero a precipitación recollida entra dentro da normalidade*




3.- Mapas

3.1.- Anomalías de presión en superficie

Anomalías de presión en superficie.


Mes de Decembro 2008






3.2.- Anomalías de xeopotencial a 500 hPa

Anomalías de xeopotencial en 500 hPa.
Mes de Decembro 2008





3.3.- Temperatura media das máximas




Tmáx -- 12/2008

www.meteogalicia.es



3.4.- Temperatura media das mínimas




Tmín -- 12/2008

www.meteogalicia.es



3.5.- Choiva acumulada (litros/m²)



Chuvia -- 12/2008

www.meteogalicia.es